

O VENTO DA ILLA

Begoña García Ferreira

Premio da Audiencia

PERSONAXES

PATI
MONCHO

Fóra dun restaurante á beira dunha estrada. Un camión pasa. Uns pasos que se achegan.

MONCHO: Ola, es Pati?

PATI: Moncho?

MONCHO: Si. Ola.

PATI: Ola.

MONCHO: Encantado. *(Dálle dous bicos. Ela solta unha risiña nerviosa)*. Non estaba seguro. Na foto parecías máis...

PATI: Guapa?

MONCHO: Non, muller... Diferente. Non estabas tan maquillada.

PATI: Quería estar ben. Pensas que me pasei co pote?

MONCHO: Non, non, tranquila.

PATI: Ti tampouco es exactamente como me imaxinaba, de feito, cando vin que te achegabas pensei «non pode ser el». *(Risiña nerviosa)*. Na foto estabas...

MONCHO: Xa. A foto que viches é de hai cinco anos, cando estiven de vacacións en Lanzarote. Daquela aínda non criara este bandullo. A boa vida, xa se sabe.

PATI: (*Non moi convencida*). Si. E es máis baixiño do que... Na foto...

MONCHO: (*Intentando ser gracioso*). E ti mides máis de 1,75, non? Que pillabana...

PATI: Non, pero con tacóns... (*Rise nerviosamente*).

MONCHO: Pois si que son uns taconazos; así, calquera. Estás moi guapa, Pati.

PATI: Grazas, Moncho. E por que non levas a gravata? Tiñas que vir cunha gravata vermella para que eu puidera asegurarme de que es ti...

MONCHO: E que sabes o que pasa? Merquei a gravata pero non fun capaz de facerlle o nó, nunca as poño... lévoa aquí no peto.

PATI: Oh, que feitiño.

MONCHO: Ti si que cumpriches a túa palabra de vir cunha camisa vermella escotada. Sobre todo escotada.

PATI: Grazas. Eh... Entramos? Vai un pouco de frío e parecemos parvos falando aquí fóra...

MONCHO: Claro, claro. Despois de ti.

PATI: Grazas.

Entran no restaurante.

PATI: Ah, que morniño, isto xa é outra cousa.

MONCHO: Que tomas?

PATI: Non imos sentar nunha mesa?

MONCHO: Pensei que primeiro podíamos tomar algo na barra.

PATI: (*Non moi convencida*). Se ti queres...

MONCHO: Non che gustan as barras? Hai a quen non lle gustan. Es desas?

PATI: (*Á defensiva*). Como «desas»?

MONCHO: Desas persoas que nunca sentan nas barras.

PATI: Ah. Dáme igual. Se ti queres...

MONCHO: Moi ben. Pero senta deste lado, do outro non oio moi ben.

PATI: Ah. Si. Perdoa. Aínda que teño que confesar que son das que, se me dan a elixir, prefiro a intimidade dunha mesa, onde todo está máis recollidiño e ninguén anda importunando...

MONCHO: (*De forma graciosa*). «Importunando», que cul-ta... Entón que, imos a unha mesa?

PATI: Non. Xa iremos despois, porque non queredes cear na barra, non? (*Rise*).

MONCHO: A verdade é que moita fame non teño, pero como ti queiras.

PATI: (*Decepcionada*). Ah.

MONCHO: Que tomas?

PATI: Pois... Un whisky con xeo e unha cola.

MONCHO: E outra forma de chamarlle ao cubata.

PATI: Si, pero separado.

MONCHO: Que graciosa. Camareiro! Unha cervexa e un cubata de whisky!

PATI: *(Ao camareiro)*. Pero separado! O whisqui aparte!
Grazas! *(A Moncho)*. Eu pensei que cando faláramos
acordáramos vir aquí para cear. Dixeches que tiñan
unha carne de cordeiro estupenda.

MONCHO: Polo que me dixeron uns amigos, si. Eu é a pri-
meira vez que veño.

PATI: Ah. Pois haberá que probalo. A min encántame o
cordeiro. E a ti?

O camareiro pousa as bebidas.

MONCHO: Eu como de todo. Pero primeiro tomamos un
groló á nosa saúde. Saúde, por ti.

PATI: Saúde.

MONCHO: Polo noso encontro.

PATI: Polo día de hoxe, os dous xuntos.

MONCHO: Iso.

Beben.

PATI: Polo que me dixeches, estás divorciado, non?

MONCHO: En trámites, aínda. Todo é bastante complicado.

PATI: Vaia, síntoo. Xa é dura unha separación de por si
para que aínda por riba un teña que pelexar con avo-
gados e esas cousas.

MONCHO: Si. E esas cousas.

PATI: Tes fillos?

MONCHO: Non.

PATI: *(Contrariada)*. Ah.

MONCHO: E ti?

PATI: Non. Din prioridade á miña carreira profesional e xa ves, agora en paro e sen descendencia, nin sequera a curto prazo conto de... Pero quen sabe, non?

MONCHO: (*Evasivo*). Xa, si, claro, nunca se sabe... (*Saca un paquete de tabaco e ponse a fumar*). Queres un cigarro?

PATI: Deixei de fumar. Grazas. Pensei que ti tamén o deixarías, pareceume que dixeras...

MONCHO: Volvín.

PATI: Que mágoa.

MONCHO: Xa. Sempre me consolo co que «de algo hai que morrer».

PATI: Xa, se che convence... Sabes? Eu tiña metido na cabeza que tiñas un fillo pequeno...

MONCHO: Pois non.

PATI: Que raro... Que parva son, estaba convencida...

MONCHO: Sería outro. Ás veces un confunde as conversas... Non che pasa?

PATI: Pois non moito! Non falo con moita xente descoñecida, e pensei que tiña boa memoria... Pero xa ves! E ti saes moito?

MONCHO: Non. Gústame ir aos bares de sempre cos amigos de sempre, non son nada moderno, nin sequera me adapto ás chamadas novas tecnoloxías... De feito cando falamos, era a miña primeira vez. (*Rise*).

PATI: Non me digas!

MONCHO: Pois si. Eu e as novas tecnoloxías non nos levamos moi ben.

PATI: «As novas tecnoloxías e eu».

MONCHO: Que?

PATI: Nada.

(Mudando de tema, choca a súa copa coa cervexa de Moncho). Polo destino, Moncho.

MONCHO: Ou porque si, simplemente.

Beben.

PATI: Para min, internet é do mellor que se puido inventar... Sen saír da casa podes ter de todo, e información, a que queiras... Non che parece?

MONCHO: *(Aburrido).* Si, pero xa che digo que eu... *(Dá un grollo).* Que lento bebes, Pati... Apura ese cubata, que che pido outro.

PATI: Non, Moncho, grazas. Só me permito un ao día, e xa é bastante! Sempre que podo, despois de xantar, co café, un chupiño de whisqui... Xa bebín abondo nos meus tempos mozos!

MONCHO: Camareiro! Outra rolda!

PATI: Para min, non.

MONCHO: Que si, muller.

PATI: Que che acabo de dicir, Moncho?

MONCHO: Como sodes as mulleres, hai que divertirse un pouco... Reláxate, Pati, parece que estás un pouco tensa.

PATI: Estou ben, grazas. E non quero emborracharme. Ademais, co estómago baleiro non debería...

MONCHO: Agora xa está pedido. Xa verás como te anima.

PATI: Me anima a que?

MONCHO: A estar máis solta.

PATI: Eu son así. Grazas pero non vou tomar outra copa, non quero.

MONCHO: *Bueno*, muller, pois non a tomes.

PATI: Entón para que a pides?

MONCHO: (*Divertido*). Para que a tomes.

PATI: (*Alzando a voz*). E por que, se se pode saber? Díxenche que non a quería!

MONCHO: Es das que goza montando un espectáculo, non? Baixa un pouco o ton, por favor, non estou xordo.

PATI: Como que non? Antes díxeches...

MONCHO: Si, pero só un pouco, por favor, Pati, arroz.

PATI: Que?!

MONCHO: Arroz, arroz, non din na túa zona «arroz»?

PATI: Que ten que ver o arroz? Ti estás mal da cachola.

MONCHO: Sen insultar, eh? «Arroz» significa «calma», «con tranquilidade», entendes?

PATI: Pois *arrózate* ti, que es xusto o que comezou faltándome ao respecto.

MONCHO: Como? Eu? Pero que dixen?

PATI: Por que pediches outra copa cando che dixen que non quería?

MONCHO: E dálle. Só pensei que sería boa idea... Pero non pasou nada, non a bebas e punto.

PATI: Agora dáme ordes?!

MONCHO: Non grites, Pati, por favor, non fai falla poñerse así por esta parvada.

PATI: Poñerme como?! Como? A ver, dime, poñerse como?!!

MONCHO: *Buf*, nada, non digo nada.

PATI: Non, mellor di «arroz».

MONCHO: *Boh*. Pois «arroz».

PATI: (*Inspirando e expirando fortemente, para tranquilizarse*). Perdoa, Moncho, paseime un pouco. Pero non soporto que... perdoa, en serio.

MONCHO: Tranquila, non pasa nada. Os nervios da primeira cita. Eu tamén estou nervioso.

PATI: De verdade?

MONCHO: Si. Pero intento que non se me note.

PATI: Moncho, eu aparecín hoxe, despois de moito pensalo, non creas, porque pensei que merecías a pena, sabes)... Non che pasa ás veces, cando coñeces a alguén, xa ao instante sabes que nunca chegaredes a conectar?

O marabilloso é cando pasa o contrario, cando na cola do super, ou nun bus, ao outro lado dun paso de cebra, sabes? xorde unha mirada, ás veces cómplice, ou un leve sorriso, e sintes que, de chegar a coñecer a esa persoa, a conexión sería case ao instante. Como por arte de maxia. Cres neses momentos, non si?

MONCHO: Si, supoño que si, non sei.

PATI: Ti e eu conectamos dunha forma fermosa e sinxela, non? Sinxelamente pura (*Rise*). É como se xa te coñecera, doutra vida ou algo. E parecíchesme tan simpático e divertido, cheo de vida...

MONCHO: E ti tamén a min, Pati. Pero deixa de poñerte «budista», que me asustas.

PATI: ...E dixeches que me invitabas a cear cordeiro nun bo restaurante, co que me gusta o cordeiro!

MONCHO: E dálle coa cea. Se queres cear, ceamos, arre demo... Nin que estiveras unha semana sen comer!

PATI: Quedaramos niso, non? E cando vin a túa foto foi como un sinal, sabes?

MONCHO: ...Non, non moito.

PATI: *Bah*, é inútil explicar o que un sente se o outro non quere entender.

MONCHO: Está ben. Vaiamos a unha mesa a probar ese cordeiro. Veña, Pati, comecemos de cero. Sen que ande ninguén... «importunando».

PATI: Iso é o que pretendía, sabes? Non importunar, senón empezar de cero... Pero non sei para que me engano, todo son decepcións... Debinme esquecer do home da foto, crin que... que máis dá.

MONCHO: Sinto que o meu físico non sexa como esperabas, pero xa postos a ser sinceros, tampouco eu estou coa Pati que imaxinara.

PATI: Porque operei o nariz e aínda quedou peor, que lle vou facer. De todas formas pensei que sabías que era eu.

MONCHO: Perdoa. Non quería dicir iso. Claro que estás case igual que antes, Pati. E mellor que na foto, máis natural.

PATI: En serio... Creo que non o aturo máis.

MONCHO: O que? Xa me desculpei, non? Que máis queres?

PATI: Quería. Quería que non chegaras un cuarto de hora tarde, como chegaches, facéndome papar un frío terrible. Quería que cearamos nun bo restaurante como prometiches, e non neste antro que parece un local de alterne encuberto. Quería que sentáramos a carón dunha mesa e faláramos das nosas cousas, hai tanto tempo... Pero non sei de que me estraño, se nin sequera te parece ao home que un día coñecín. Se nin sequera sabes quen son.

MONCHO: Que? Ti e eu non nos coñecemos de nada máis que dunha tarde falando de parvadas polo ordenador, e agora... Agarda, ti coñécesme de algo? Porque que eu saiba...

PATI: Non pensei que puideras ser tan cínico. Pasaron anos, pero non tantos. E si, cambiei, pero tampouco tanto. Foi por culpa do accidente, case morro, sabes? E o nariz... por culpa do choque quedoume fatal, aínda que foi peor o remedio que a enfermidade... Espero que che vaia ben, Manu. Marcho. Xa me fartei de finxir que es Moncho. Ou quizais si que o es, sabes? A vida dá moitas voltas, e as decepcións, polo que vexo, son infinitas.

MONCHO: Agarda aí!

PATI: Ai, sóltame!

MONCHO: Perdoa, non quería facerche dano. Pero como que «Manu»? Eu son Moncho. Está claro que me confundes con outro, Pati.

PATI: Si, iso sería menos ferinte.

MONCHO: Pati, de verdade que o meu nome é Moncho.

PATI: Xa, e o meu Pati.

MONCHO: Non te chamas Pati?

PATI: Nin ti Moncho, Manu.

MONCHO: Eu chámome Moncho!

PATI: Xa, e eu Pati.

MONCHO: *Boh!* Mira, ti non serás Pati, pero eu estou seguro de ser Moncho.

PATI: Non te lembrás da camareira que hai cinco anos, en Muros, levouche as mellores sardiñas que comeras na túa vida?

MONCHO: En Muros?

PATI: Chamábase Ana. Con ela pasaches a noite no hotel Moure, e fostes xuntos á praia de Carnota ao amanecer. Alí atopaches entre as rochas un can de brea.

MONCHO: Un que?

PATI: Déixao. Seguramente nunca estiveches en Muros, nin no hotel Moure, e non me digas, odias as sardiñas. E non sabes o que é un can de brea. Pero cos fardos de droga que atopamos ben que quedaches, verdade? E prometiches ingresar vinte mil euros que xamais chegaron á miña conta, e de seguro que os gozaches en Lanzarote... Que? Nada? Sería o vento da illa, que segundo din volve tolas a moitas persoas. A outras límpalles o espírito e a algunhas bórralles o pasado... Parece que ese foi o teu caso, non?

MONCHO: Eh? Non teño palabras, Pati...

PATI: Sabes que aínda gardo o can de brea?

MONCHO: Eu... creo que non sei nin o que é, perdoa.

PATI: Lévoo sempre no bolso. Voucho amosar. O canciño de brea que atopaches nas rochas e que me regalaches, a min, a Ana... Que, nada?

MONCHO: De verdade que non, Pati. Digo Ana.

PATI: A ver se o atopo, xa sabes como son os bolsos das mulleres, cheo de cousas, cando unha busca o tampón colle o bálsamo para os beizos, cando buscas a carteira aparece a axenda... (*Rise nerviosamente*).

MONCHO: Xa. Tranquila.

PATI: Arroz, non?

MONCHO: Si.

PATI: ...Lévoo sempre nun petiño a carón dunha navalla de Toledo que me trouxo das vacacións unha amiga... A ver... aquí está, aí, non, isto non é... *Ahá*, aquí... Cólleo con coidado.

MONCHO: A ver.

PATI: Xa sei que cheira bastante mal, pero quería conservar para convencerme de que foi certo, de que aqueles días existiron, e de que quizais algún día como hoxe, puidera volver toparme con el e dicirlle o moito que me fixo sufrir. E tamén o moito que o quixen, a pesar de ser unha aventura de verán.

MONCHO: Vaia.

PATI: E mandaríalle mirar aos ollos do can de brea para que vise neles a maxia acubillada do noso segredo inconfesado.

Moncho: Vaia. Que ten isto nos ollos!

Pati: Fíxate ben, porque non o verás reflexado en ningún outro obxecto.

Moncho: Eu non sei se estou mirando ben, son dunha negrura case infernal...

Pati: Arrímate a min, voucho dicir pola orella mala, para que siga sendo un segredo entre Manu e eu.

Moncho: *(Dubidando)*. ...Está ben.

Arrímase a ela.

(En baixiño). Dime.

Pati: *(En baixo)*. Sei que non oes nada deste lado pola malleira que levaches aos doce anos. Sei que es ti, Manu, e que non vou poder conseguir que o recoñezas. Vinte dubidar no coche, no aparcadeiro, sen estar seguro de se sería eu ou non. Cambiei moito, si, e picaches. Pero non o vas recoñecer. Síntoo polo teu fillo Adrián, e sinto ter que facelo desta maneira para liberarme do mal sentimento. Adeus, cabrón.

O sonido metálico dunha afiada navalla toledana corta o aire e remata o relato.

FIN